

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós

### **ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D. Óscar A. Garcia Patiño  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e sete de setembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións don Juan González Leirós, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr alcalde D. Óscar A. Garcia Patiño e a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2022 E DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 16 de setembro de 2022 e á acta da sesión ordinaria celebrada en data 20 de setembro de 2022, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria realizada en data 16 de setembro de 2022, e da sesión ordinaria realizada en data 20 de setembro de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Resolución do 9 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se

establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022. DOG núm. 180, do 21-09-2022.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 16 ao 22 de setembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1608/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1646/2022, segundo se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto  |
|------------|---------------|---|
| 1608/2022  | 16-09-2022    | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de setembro de 2022  |
| 1609/2022  | 16-09-2022    | Aprobación do pagamento á Augas de Galicia correspondente a autoliquidación do canon da auga do segundo cuadrimestre do 2022  |
| 1610/2022  | 16-09-2022    | Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao segundo trimestre de 2022  |
| 1611/2022  | 16-09-2022    | Celebración de voda civil o día 24 de setembro de 2022 ás 13:30 horas   |
| 1612/2022  | 16-09-2022    | Aprobación da xustificación e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á convocatoria de subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o exercicio 2021, así como o seu pagamento. |
| 1613/2022  | 16-09-2022    | Desistencia de solicitude de axuda de emerxencia social alimentación de M.G.J.  |
| 1614/2022  | 16-09-2022    | Concesión axuda emerxencia social alimentación a L.V.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto  |
| 1615/2022  | 16-09-2022    | Denegación axuda emerxencia social alimentación a R.T. por esgotar o período máximo de concesión establecida na ordenanza   |
| 1616/2022  | 16-09-2022    | Denegación axuda emerxencia social alimentación a J.C.G.A., por superar o importe máximo anual a percibir establecido na ordenanza reguladora   |
| 1617/2022  | 16-09-2022    | Denegación axuda emerxencia social alimentación a F.M.C., por esgotar o período máximo de concesión   |
| 1618/2022  | 16-09-2022    | Inscripción no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais - M.D.P.U. e C.Y.P.S.  |
| 1619/2022  | 19-09-2022    | Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.A.G.S.  |
| 1620/2022  | 19-09-2022    | Concesión de axuda de emerxencia social para material escolar a E.R.S. por importe de 150 euros.  |
| 1621/2022  | 19-09-2022    | Concesión axuda emerxencia social alimentación a B.J.C.B. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto   |
| 1622/2022  | 19-09-2022    | Reposición da legalidade urbanística en fina sita na Torre – Meixigo. Titular: JA.A.I.R.  |
| 1623/2022  | 19-09-2022    | Inicio de expediente sancionador a J.B.V. por presunta comisión dunha infracción grave tipificada no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato público   |
| 1624/2022  | 19-09-2022    | Licenza de obra para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita nos Currás  |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

|           |            |   |
|-----------|------------|---|
|           |            | – Sta. M <sup>a</sup> de Vigo. Promotor: M.M.F.G.   |
| 1625/2022 | 19-09-2022 | Denegación axuda emerxencia social alimentación a E.I.M., por superar o límite de ingresos establecido na ordenanza reguladora  |
| 1626/2022 | 19-09-2022 | Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións do día 22 de setembro de 2022   |
| 1627/2022 | 19-09-2022 | Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 22 de setembro de 2022  |
| 1628/2022 | 19-09-2022 | Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas da axenda de verán do Programa de Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022   |
| 1629/2022 | 20-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – J.M.M.G.   |
| 1630/2022 | 20-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – V.M.M.D.   |
| 1631/2022 | 20-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – J.B.A.M.   |
| 1632/2022 | 20-09-2022 | Expediente de xeración de crédito número 14/2022. Axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións de conservación da biodiversidade terrestre e mariña do compoñente C4 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia |
| 1633/2022 | 20-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – J.J.G.M.   |
| 1634/2022 | 21-09-2022 | Solicitud acceso a expediente - Ampliación do prazo de resolución previsto no art. 20 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno por outro mes.  |
| 1635/2022 | 21-09-2022 | Celebración voda civil o día 30 de setembro de 2022 ás 10 horas.  |
| 1636/2022 | 21-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – E.N.V.   |
| 1637/2022 | 21-09-2022 | Comparecencia en procedemento xudicial de despedimento/cesamento xeral 0000578/2022 JA. – M.D.B.A.  |
| 1638/2022 | 21-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – L.B.R.   |
| 1639/2022 | 21-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – A.M.F.S.L.   |
| 1640/2022 | 21-09-2022 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 96.742,88 euros  |
| 1641/2022 | 21-09-2022 | Reposición de legalidade urbanística pola construción dun soportal illado en Meixigo – Cambre. Titular: E.R.C.  |
| 1642/2022 | 21-09-2022 | Autorización de conexión de cableado a poste municipal de iluminación pública no exterior de vivenda  |
| 1643/2022 | 21-09-2022 | Tramitación de multas - 99500000026887 Acordos de inicio  |
| 1644/2022 | 21-09-2022 | Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 mes de setembro   |
| 1645/2022 | 21-09-2022 | Expediente de incorporación de remanentes 29/2022   |
| 1646/2022 | 21-09-2022 | Incoación de baixa no Padrón Municipal de Habitantes – S.R.S.F., H.C.R., F.M.L.R., S.L.R. e M.L.R.  |

#### **4º.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023. Expediente: 2022/C005/000012
- Aprobación do Plan de xestión de residuos e do plan de traballo presentados pola empresa "Construcciones Leonardo Miguélez, S.L." para a execución da obra denominada "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre", financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Expediente: 2022/C003/000006
- Adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 e proposta de declaración de deserto do lote 4 do servizo de Organización e realización da Xuntaza do Maior a celebrar no Concello de Cambre. Expediente: 2022/C004/000028

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

**- A) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2022-2023. EXPEDIENTE: 2022/C005/000012**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de setembro de 2022 (CVD: ZC7Nx7gFKcR4RCSINQJx), que transcrita di:

**«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Con data do 10 de agosto de 2022 asináronse polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da ADL (Axencia Desenvolvemento Local), a memoria xustificativa da necesidade do contrato (CVD: OD2RIHPDjKNv2Go3nxER9) e o prego de prescricións técnicas (CVD: mupzfXAeZ8I12MMBe87n) para a contratación dos suministros e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de nadal 2022-2023, cun valor estimado de 48.516,76 € e un orzamento base de licitación de 48.516,76 euros sen IVE, 58.250,00 euros IVE incluído.

Con data de 14 de setembro de 2022 emítase informe técnico relativo aos criterios de adxudicación, solvencia, penalidades e sancións e condicións de execución (CVD: HTzUda60VyEY4+bk8XPv), así como informe complementario respecto da clasificación do contrato (CVD: QDYqYMEWZFCp7Y1GDv4V).

Constan documentos de retención de crédito respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 43348100 "becas y premios promoción empresarial", por importe de 19.500 euros, e 43322699 "otros gastos diversos promoción actividad económica", por importe de 52.750 euros.

Con data de 22 de setembro de 2022 asinouse pola técnica de xestión de administración xeral e pola secretaria xeral o prego de cláusulas administrativas que rexerán a presente contratación (CVD: eN6Nk0F8qtdtnPreAGIO).

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP (CVD: zhNplmsG9k59qkDgZRJ).

Consta, igualmente, informe proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da Secretaria Xeral mais o Interventor municipal con data de (CVD: H3aITwyEdq4m21dAUu3s).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente para a contratación dos “Suministros e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023” (Expediente TEDeC 2022/C005/000012), de acordo co artigo 117 da LCSP.

**Segundo:** Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento empregado para a adxudicación o procedemento aberto simplificado, ao cumprirse neste caso as condicións establecidas para elo no apartado primeiro do artigo 159 da LCSP.

**Terceiro:** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 da LCSP, publicar no perfil do contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio de licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación (CVD: OD2RIHPDjKNv2Go3nxER9), o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: eN6Nk0F8qtdtnPreAGIO) e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato (CVD: mupzfXAeZ8l12MMBe87n) e o acordo de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

**Cuarto:** Aprobar o correspondente gasto por importe de 58.250,00 euros, con cargo ás partidas orzamentarias 43348100 (RC 17/2022 – 220220005304) e 43322699 (RC 17/2022 – 220220005445).

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
  - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
  - O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
  - A técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.
  - A axente de desenvolvemento local, dona Sonia Machín Herranz, e como suplente, a axente de desenvolvemento local, dona Beatriz castro Pico.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría, dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de setembro de 2022 (CVD: ZC7Nx7gFKcR4RCSINQJx), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**- B) APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PRESENTADO POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L." PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN O SOUTO, ANCEIS, CAMBRE", FINANCIADA A TRAVÉS DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MR701 E) DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)". EXPEDIENTE: 2022/C003/00006**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de setembro de 2022 (CVD: ndM4mxHGg2w7JRaWorv+), que transcrita di:

**«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/00006 para a contratación da obra "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre", financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)".  
Expediente: 2022/C003/00006

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de agosto de 2022 polo que se adjudicou a obra á empresa "Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.", asinándose o correspondente contrato con data 01 de setembro de 2022.

Visto o Plan de Residuos elaborado pola empresa adjudicataria "Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.", con rexistro de entrada no Concello de Cambre do día 21 de setembro de 2022 con número 202299900005097.

Visto o Plan de Traballo elaborado pola empresa adjudicataria "Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.", con rexistro de entrada no Concello de Cambre do día 21 de setembro de 2022 con número 202299900005097

Visto o informe favorable emitido con data 26 de setembro 2022 (CVD: vZ/N/+qtk0DJ4h5Tfu++) polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Á vista do disposto no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción de xestión de residuos de construción e demolición, incluíndo medidas de prevención, operacións de reutilización, así como valoración do prezo de xestión dos residuos.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Plan de Residuos presentado pola empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).  
Expediente: 2022/C003/00006

**Segundo:** Aprobar o Plan de Traballo presentado pola empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en O Souto, Anceis, Cambre”, financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).  
Expediente: 2022/C003/00006

**Terceiro:** Notificar este acordo á empresa “Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.” facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de setembro de 2022 (CVD: ndM4mxHGg2w7JRaWorv+), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**- C) ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1, 2 E 3 E PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 4 DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA XUNTA DO MAIOR A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE: 2022/C004/000028**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2022 (CVD: 1ITdiMxL9wBmh+yYyZ/T), que transcrita di:

**«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000028 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do servizo de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre, cun valor estimado de 34.470,04 euros e un orzamento base de licitación de 31.336,40 euros sen IVE, 35.972,09 euros IVE incluído, dividíndose o obxecto do contrato en catro lotes.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares para cada un dos lotes do contrato respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, que consta na acta do órgano de asistencia designado para o presente expediente, reunido con data 19.09.2022; así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data polo órgano de asistencia para os lotes 1 e 2 a prol de Casa Taboada SC, para o lote 3 a prol de ITHPRO SC e para o lote 4 a prol de Representaciones Chapin producciones SL.

Vista a documentación achegada polo adxudicatario e único licitador do lote 4, Representaciones Chapin Producciones SL, entre a que se atopa o acuse de recibo da solicitude de inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP) con data 19.09.2022, posterior á data de finalización do prazo de presentación de ofertas (14.09.2022). Tendo en conta o establecido no artigo 159.4.a) da Lei 7/2019, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao réxime xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP) sobre a obriga de estar inscritos no ROLECSP para todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas mediante o procedemento aberto simplificado, no que di: *“A estos efectos, también se considerará admisible la proposición del licitador que acredite haber presentado la solicitud de inscripción en el correspondiente Registro junto con la documentación preceptiva para ello, siempre que tal solicitud sea de fecha anterior a la fecha final de presentación de las ofertas”*.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental (CVD: PKNvYt6A1ndDBTz7pvQP ), que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización emitido polo interventor municipal (CVD: q3oXaQaoaJj/ukjKwrZ/ ).

Á vista do establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:



**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

- Casa Taboada SC – Lotes 1 e 2
- ITHPRO SC – Lote 3
- Representaciones Chapin Producciones SL – Lote 4

**Segundo:** De conformidade coa proposta formulada con data 19.09.2022 polo órgano de asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos nos diferentes lotes do procedemento tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 12 do PCAP para cada un deles:

#### LOTE 1

| Licitador       | Prezo | Situación da cociña | Envasado materiais | Envasado formato | Xogo de cubertos e enxoval | Frescura alimentos | Puntuación total |
|-----------------|-------|---------------------|--------------------|------------------|----------------------------|--------------------|------------------|
| CASA TABOADA SC | 45    | 10                  | 5                  | 5                | 12                         | 23                 | 100              |

#### LOTE 2

| Licitador       | Prezo |
|-----------------|-------|
| CASA TABOADA SC | 100   |

#### LOTE 3

| Licitador | Prezo |
|-----------|-------|
| ITHPRO SC | 100   |

#### LOTE 4

| Licitador                               | Prezo |
|---|-------|
| Representaciones Chapin Producciones SL | 100   |

**Terceiro:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data 19.09.2022, adjudicar o **lote 1 Organización do servizo de catering** do contrato de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre, expediente núm. 2022/C004/000028, a prol da empresa **Casa Taboada SC** con NIF J70413497 no prezo ofertado de 17.992,50 euros sen IVE, 19.791,75 euros IVE incluído, por ser a única entidade admitida no lote 1 e obter a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación establecidos na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa; isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP).

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse, ademais de na baixa económica ofertada, na situación da cociña, nos materiais e formato dos envases, no material do xogo de cubertos e enxoval e na frescura dos alimentos.

**Cuarto:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data 19.09.2022, adxudicar o **lote 2 Servicio de alquiler, instalación y acondicionamiento de carpas** do contrato de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre, expediente núm. 2022/C004/000028, a prol da empresa **Casa Taboada SC** con NIF J70413497 no prezo ofertado de 2.500,00 euros sen IVE, 3.025,00 euros IVE incluído, por ser a única entidade admitida no lote 2 e obter a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación establecido na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa; isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP).

**Quinto:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data 19.09.2022, adxudicar o **lote 3 Asistencia e equipamento técnicos para proxección documental sobre a terceira idade de Cambre e grabación vídeo resumo do evento** do contrato de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre, expediente núm. 2022/C004/000028, a prol da empresa **ITHPRO SC** con NIF J32499907 no prezo ofertado de 2.050,00 euros sen IVE, 2.480,50 euros IVE incluído, por ser a única entidade admitida no lote 3 e obter a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación establecido na cláusula 12 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa; isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP).

**Sexto:** Excluir a oferta presentada por Representaciones Chapin Producciones SL, único licitador do **lote 4 Servizo para a organización e realización da actuación dunha orquestra**, do contrato de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre, expediente núm. 2022/C004/000028, ao non estar inscrito nin achegar documentación xustificativa de ter solicitada inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público en data anterior á finalización do prazo de presentación de ofertas de conformidade co establecido no artigo 159.4.a) da LCSP e, en consecuencia, declarar deserto o lote 4 por falta de licitadores.

**Sétimo:** De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado entenderase formalizado o contrato mediante a sinatura da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Oitavo:** Designar como responsable do contrato a dona Ana María Monje Barcia, coordinadora da Área de Servizos Sociais, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo:** Notificar á responsable do contrato e mais á Intervención Municipal para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de setembro de 2022 (CVD: 1ITdiMxL9wBmh+yYyZ/T), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## 5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

Verónica María Otero López